



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de outubro de 2019**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día tres de outubro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventor adxunta, Sr. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(841).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 26 de setembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(842).- PROPOSTA PARA ADECUACIÓN DO ARTIGO 4.5 DA ORDENANZA FISCAL Nº 30 DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL Á XURISPRUDENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO E SENTENZAS FIRMES DOS XULGADOS DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE VIGO. EXPTE. 2619/500.

Visto o ditame favorable do TEA do 23/09/19 e o informe de fiscalización do 25/09/19, dáse conta do informe-proposta do 19/09/19, asinado pola técnica xurídica

de Dirección de Ingresos-xefa da Inspeccións de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.NORMATIVA APLICABLE:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Directiva 2002/21/CE de 7 de marzo, relativa a un marco regulador común de redes e servizos de comunicacións electrónicas (Directiva Marco).
- Directiva 2002/20/CE, do 7 de marzo, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas(Directiva Autorización).
- Directiva 2002/19/CE do 7 de marzo, relativa ao acceso ás redes de comunicacións electrónicas e recursos asociados (Directiva Acceso)
- Directiva 2002/22/CE, do 7 de marzo, relativa ao servizo universal e os dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva Servizo Universal)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de réxime local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, modificada pola Lei 25/1998, de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público

2. INFORME PROPOSTA.

O artigo 19.2 do TRLRFL establece: *“Se por resolución xudicial firme resultaren anulados ou modificados os acordos locais ou o texto das ordenanzas fiscais, a entidade local virá obrigada a adecuar aos termos da sentenza todas as actuacións que leve a cabo con posterioridade á data en que aquela lle sexa notificada”*

A xurisprudencia sucesiva do Tribunal Supremo (STS do 15/10/2012 e do 08/06/2016, entre outras) foi incorporando os pronunciamentos do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Sentenza de 12/07/2012 e Auto do 30/01/2014) para a aplicación das directivas do denominado “paquete de telecomunicacións”. Seguindo a citada xurisprudencia, recaeu sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo do 01/02/2018 que motivou o acordo plenario de 5 de setembro de 2018 polo que se introducía a tributación de empresas do sector de telecomunicacións titulares de redes e outras infraestruturas conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4 da Ordenanza Fiscal nº 30, reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, coa finalidade de gravar aqueles supostos nos que as operadoras tiñan transmitido as súas infraestruturas a empresas do grupo non prestadoras directas de servizos de telecomunicacións.

Cómpre lembrar que a citada xurisprudencia sentou dous criterios en relación con estas taxas:

1º Soamente tributan por estas taxas as empresas titulares de redes ou infraestruturas que, de forma efectiva, ocupan dominio público local e,



Concello de Vigo

2º O método de cuantificación que determine a contía da taxa non pode ter en conta ingresos brutos obtidos por unha compañía nin volume de negocio.

Seguindo estas dúas máximas derivadas do dereito europeo e incorporadas á xurisprudencia do Tribunal Supremo posterior á STXUE do 12/07/2012, o Pleno en sesión de 5 de setembro de 2018 incorporou un epígrafe I.4 no artigo 4.4 da Ordenanza Fiscal nº 30 pero, de xeito incorrecto, permaneceu no texto da ordenanza vixente a frase “ *Non obstante o anterior, as empresas de telecomunicacións só tributarán mediante este réxime de cuantificación se son titulares de redes*”, incluída no apartado 5 do artigo 4.5, referíndose ao método de cuantificación do 1,5% sobre ingresos brutos.

Como se indica anteriormente, o réxime de cuantificación do 1,5% sobre ingresos brutos non resulta de aplicación ás empresas do sector de telecomunicacións, por non reunir as características esixidas polas Directivas comunitarias do paquete de telecomunicacións: xustificación obxectiva, proporcionalidade, non discriminación e uso óptimo do recurso escaso dominio público local.

En virtude do disposto no transcrito artigo 19.2 do TRLRFL, procede a adecuación do texto da presente ordenanza fiscal á xurisprudencia citada e, en consecuencia, corrixir a contradición da Ordenanza vixente eliminando a frase “*Non obstante o anterior, as empresas de telecomunicacións só tributarán mediante este réxime de cuantificación se son titulares de redes*” e, para maior claridade, completar a frase do parágrafo 4 do apartado 5 do artigo 4 nos seguintes termos: “*As empresas titulares de redes e outras infraestruturas de telecomunicacións tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4*”.

Ao tratarse dunha adecuación da Ordenanza fiscal á xurisprudencia citada de obrigada aplicación, mesmo sen modificación do texto da Ordenanza, non procede realización de consulta previa. Non existe impacto de xénero nin tampouco impacto orzamentario derivado deste expediente.

Tramitación:

O expediente será tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL:

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

ACORDO:

1º) Adequar o texto da Ordenanza Fiscal nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local á xurisprudencia emanada do TXUE, TS e Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo e, en consecuencia:

a) Eliminar no parágrafo 5 do artigo 4.5 a seguinte frase “ *Non obstante o anterior, as empresas de telecomunicacións só tributarán mediante este réxime de cuantificación se son titulares de redes*”.

b) Completar o parágrafo 4 do artigo 4.5, que quedará redactado como segue: “*Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servizos de telefonía móbil. As empresas titulares de redes e outras infraestruturas de telecomunicacións tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4*”.

2º) Someter a ditame do Tribunal económico-administrativo do Concello.

3º) Aprobación provisional en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o acordo no BOP.

Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Acordo

A Xunta de Goberno local presta conformidade a proposta contida no precedente informe.

3(843).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NA REDE DE MUSEOS DE VIGO. EXPTE. 2563/341.

Visto o informe de fiscalización do 25/09/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada en sesión do 24/09/19, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 18 de setembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	SERVICIOS SECURITAS S.A.	100,00
2	EULEN S.A.	80,55

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS S.A., para que presente, no prazo de 7 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- 1. Acreditación da constitución garantía definitiva.*
- 2. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
- 3. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS S.A., o día 18 de setembro de 2019, que presenta a documentación requirida nas datas 19 e 23 de setembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de setembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e,

simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS SECURITAS S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS SECURITAS S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis a través de fórmula de data 18 de setembro de 2019.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SERVICIOS SECURITAS S.A. o procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.563-341) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do contrato é de 92.598,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.070,79 euros. Os servizos de atención ao público ascenden a 79.597,27 euros (13.814,40 de IVE) e os servizos de coordinación a 13.001,08 euros (2.256,39 euros de IVE).*
- 2. Comprométese a por a disposición do servizo as seguintes horas sen custo para o Concello:*
 - 110 horas laborables diúrnas*
 - 90 horas festivas diúrnas*
- 3. Comprométese á realización de estudos de público usuario conforme ao previsto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 4. Comprométese a por a disposición do servizo 20 audioguías cos requisitos esixidos no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.*



Concello de Vigo

5. *Comprométese a impartir unha acción formativa específica presencial para o persoal de servizos de atención ao público relacionada coas materias recollidas no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(844).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ORDINARIA DO “SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO”. EXPTE. 16564/77.

Visto o informe xurídico do 24/09/19 e o informe de fiscalización do 25/09/19, dáse conta do informe-proposta do 23/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 9 de xullo de 2019, o Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, acordou iniciar o expediente de contratación do SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, de 9 de xullo de 2019 asinado pola Técnica de Administración Xeral (por atribución temporal de funcións mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03/05/2019 da xefatura

de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego e o Concelleiro Delegado Cultura, Emprego e Participación Cidadá.

2. Orde de inicio de 9 de xullo de 2019 do Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data do 9 de xullo de 2019, asinada pola Técnica de Administración Xeral (por atribución temporal de funcións mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03/05/2019 da xefatura de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e Emprego
4. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 9 de xullo de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
5. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo, de data 07/08/2019.
6. Prego de cláusulas administrativas de data 7 de agosto de 2019, asinado pola xefa do servizo de contratación.
7. Informe da letrada asesora-xurídica asinado o 26 de agosto de 2019, conformado pola titular da Asesoría Xurídica o 27 de agosto de 2019.
8. Dilixencia asinada pola técnica de fiscalización e control financeiro o 16 de setembro de 2019 para subsanación do expediente.
9. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data do 20 de setembro de 2019, asinado pola Técnica de Administración Xeral.
10. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 20 de setembro de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
11. Dilixencia sinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación en data 20 de setembro de 2019 cos cambios realizados no prego de cláusulas administrativas particulares .
12. Prego de cláusulas administrativas de data 20 de setembro de 2019, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo, no momento de iniciarse o expediente, esta competencia está delegada por Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, por resolución de 9 de xullo de 2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas asinado pola Técnica de Administración Xeral e o prego de cláusulas



Concello de Vigo

administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación ordinaria. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 159 da LCSP procede empregar o procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o expediente de contratación (16564/77) por procedemento aberto simplificado de tramitación ordinaria do “SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 20 de setembro de 2019 e o prego de cláusulas administrativas de 20 de setembro de 2019, que rexerán a contratación do “SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO”.

3º.- Aprobar o gasto de 4.390,84 € , para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 22779900 (PRESTACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS (P.EMPREGO), do orzamento do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:

- 548,85 € correspondentes aos meses de outubro a decembro de 2019
- 2.195,42 € correspondentes aos meses de xaneiro a decembro de 2020
- 1.646,56 € correspondentes aos meses de xaneiro a setembro de 2021

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(845).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES PARA O FINANCIAMENTO DA “XXX FESTA DO POLBO 20192. EXPTE 8058/335.

Visto o informe xurídico do 27/08/19 e o informe de fiscalización do 26/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 1/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas

e Animación Sociocultural, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 24 de xullo do 2019, a “ASOCIACIÓN DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALLADARES” presenta escrito de solicitude de subvención para a celebración da “XXX FESTA DO POLBO 2019” que tivo lugar o día 11 de agosto do 2019; por este motivo, o día 24 de xullo do 2019, a concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo resolveu iniciar o expediente de subvención correspondente, por importe de 9.500 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0006 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

Que a “Festa Gastronómica do Polbo” ven organizándose nos últimos anos no Parque Forestal do Monte dos Pozos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa vén sendo desenvolvido polo Centro Veciñal e Cultural de Valladares (CIF G-36.805.158), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

Que o Centro Veciñal e Cultural de Valladares está en condicións de organizar a “Festa Gastronómica do Polbo 2019”, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Polbo tivo lugar o día 11 de agosto do 2019, co despacho de pratos de polbo e outros comestibles, oferta variada de actividades para o público familiar, entre as que se encontran: actuacións da Agrupación folclórica de CVCV Valladares, composta polo grupo de Gaitas “Aturuxo”, o Grupo “Cantadeiras do Alba” e os grupos de Bailes Amieiras e Ledicias, actuación do grupo de Gaitas da “Sociedade Helios de Bembrive”, parque infantil con inchables, academias de danza e cantares do norte de Portugal, Concerto da “Unión Musical de Valladares”, animación infantil para os cativos, actuacións de zumba, danza moderna, bailes latinos, bailes de salón, exhibición de jugger, exhibición de esgrima clásica, representación teatral a cargo do grupo Escoitade, actuación da unión musical de Valladares, mostraxe de artesanía e obradoiros e mostraxe de comestibles e licores, homenaxe a persoas da vida parroquial, demostracións do funcionamento das naves da “Asociación de Modelistas Navais de Galicia” á vez que porán barcos a disposición dos asistentes para que calquera poida navegar pola Lagoa Artificial do Monte dos Pozos.

Que o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valladares veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enxalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.

Que o carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e



Concello de Vigo

aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

A celebración da “XXX Festa do Polbo 2019” tivo lugar o día 11 de agosto do 2019 no parque forestal do Monte dos Pozos.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 22.000 € (vinte e dous mil euros), dos que o Concello de Vigo aportará 9.500 euros.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da Asociación presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “ Asociación do Centro Veciñal e Cultural de Valladares” para a celebración da “XXX Festa do Polbo 2019” rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “ Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valladares” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2019, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e

marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

Esta subvención nominativa prevé un gasto de 9.500,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0006 do vixente programa orzamentario das Festas, a favor da “CVC Valladares”, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade. Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 22.000,00 euros.

A presente axuda se acolle ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 3380.489.0006, (Convenio Festa do Polbo), prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo por importe de 9.500,00 euros, a favor da “CVC Valladares” , CIF G-36.805.158), para coadxuvar os gastos do desenvolvemento da “XXX Festa do Polbo 2019”.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

A subvención do Concello de Vigo á asociación é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade da concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídicos e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 9.500 € (nove mil cincocentos euros) á “Asociación Centro Cultural e Veciñal de Valladares” (CIF CIF G-



Concello de Vigo

36.805.158), para o cofinanciamento da “XXX Festa do Polbo 2019” organizado por esta entidade e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0006 que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

A “Asociación Centro Veciñal e Cultural de Valadares” comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Polbo 2019 que tivo lugar no Parque Forestal do Monte dos Pozos de Valadares o día 11 de agosto de 2019, en particular a:

- 1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.
- 2º.- Asumir todos os gastos derivados deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.
- 3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.
- 4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.
- 6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.
- 7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.
- 8º.- Deixar a zona do Monte dos Pozos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.
- 9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2019".

4º.- Conceder directamente ao Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da XXX Festa do Polbo 2019.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á entidade é a Área de Festas do Concello de Vigo, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme da concelleira-delegada da Área de Festas.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de 22.000 euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de



Concello de Vigo

identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2019 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estrictamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Festas. Os técnicos da Área de Festas emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Concello de Vigo

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Festas do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril

RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(846).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA “FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN 2019”. EXPTE. 8057/335.

Visto o informe xurídico do 06/09/19 e o informe de fiscalización do 26/09/19, dáse conta do informe-proposta de data 1/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, a concelleira-delegada da Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu o día 24 de xullo de 2019, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), para a realización da “Festa do Mexillón 2019”, o vindeiro 1 de setembro, no Parque de Castrelos (Vigo), dentro da programación “Vigo en Festas 2019”.

A Festa Gastronómica do Mexillón ven organizándose nos últimos anos no Parque de Castrelos con gran éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns. Este programa desenvolve a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), que conta como fins, entre outros e segundo os seus estatutos, os de: organizar e desenvolver eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” está en condicións de organizar a Festa Gastronómica do Mexillón 2019, conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición da Festa do Mexillón ten lugar o día 1 de setembro de 2019, coa cocción e degustación do mexillón, pregón e entrega do mexillón de ouro, actuacións e despacho do mexillón.

O Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo no programa “Vigo en Festas” dos últimos anos unha serie de festas de enalzamento gastronómico, co obxecto de potenciar os produtos das nosas rías como o mexillón, a sardiña e o pobo.



Concello de Vigo

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985 e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades convenientes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida convenios de colaboración similares para desenvolver este evento, acadando uns resultados moi satisfactorios para ambas as partes.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2 da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo”. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.489.0005, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” para coadxuvar aos gastos de desenvolvemento do programa “Festas de Vigo 2019”

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 9.500,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargarse da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 9.500,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local nos espectáculos e editará o material gráfico para a difusión da festa da sardiña.

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, nos artigos 20. 4 e 8 b).

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía de 18 de xuño do 2019.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira de Festas e Turismo e do concelleiro de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a "Federación Viguesade Peñas Recreativas El Olivo", CIF G-36.704.666, para a organización da "Festa Gastronómica do Mexillón 2019".

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo" con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0005 (Convenio F.P.R. El olivo-Festa Mexillón) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A
FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DA
FESTA GASTRONÓMICA DO MEXILLÓN 2019.

Na Casa do Concello de Vigo, a

de dous mil dezanove.

REUNIDOS

Dunha parte, dona MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO, na súa calidade de CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 18 de xuño do 2019.



Concello de Vigo

Doutra, don Camilo Pais Martínez, como presidente da “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº 5, Praza Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 8057/335.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

*I.- Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da “Festa Gastronómica do Mexillón 2019”, que se desenvolverá o día 1 de setembro de 2019, dentro do programa de actividades “**Vigo en Festas 2019**” no Parque de Castrelos. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.*

II.- O Concello de Vigo e a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo”, asinan dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa Gastronómica do Mexillón, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

III.- A “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en pro do engrandecemento cultural de Vigo.

IV.- O Concello de Vigo organiza o programa de actividades “Vigo en Festas 2019” que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual xeito, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

V.- O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter

excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

VIII. O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros, a favor da “Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” para o desenvolvemento da Festa do Mexillón 2019.

IX.- A “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, encóntrase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 8057/335.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da “FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO”, o CONCELO DE VIGO e a dita entidade acordan a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Mexillón 2019 que terá lugar no Parque de Castrelos o día 1 de setembro de 2019, en particular a:

1º. Asumir todo o relativo á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeneren pola programación que figura nesta expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida



Concello de Vigo

producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar a zona do Parque de Castrelos que se utilice para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

9º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo, se así o require o Servizo de Seguridade e Mobilidade.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- *O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Vigo en Festas 2019".

4º.- Achegar unha banda popular de música con cargo ao convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas populares de música de Vigo.

5º.- Conceder directamente á Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha subvención por importe de 9.500,00 (nove mil cincocentos) euros co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Mexillón 2019.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- *Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a "FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO", está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do 13 de novembro de 2019, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.



Concello de Vigo

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- *Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- *Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- *Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*
- *As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- *No caso de que a “Federación de Peñas Recreativas El Olivo” se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

Décimo.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

Décimo primeiro.- *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas*

circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo terceiro.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- *A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

Décimo quinto.- *O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.*

Décimo sexto.- *O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2019 e non será prorrogábel.*

Décimo sétimo.- *A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

Décimo oitavo.- *En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

Décimo noveno.- *A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado*



Concello de Vigo

cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo.- *A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).*

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas e Turismo. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo primeiro.- *En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.*

Vixésimo segundo.- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal*

e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

7(847).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA DO “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 8790/320.

Visto o informe xurídico do 26/09/19 e o informe de fiscalización do 27/09/19, dáse conta do informe-proposta do 25/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 16 de maio de 2019, o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, acordou iniciar o expediente de contratación do MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, de 14 de maio de 2019 asinado pola Técnica de Administración Xeral (por atribución temporal das funcións inherentes á xefatura de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local mediante acordo da Xunta de Goberno Local do



Concello de Vigo

03/05/2019) e o Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

2. Orde de inicio de 16 de maio de 2019 do Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
3. Declaración de integridade da redactora do prego de prescricións técnicas particulares do contrato asinado en data 5 de xuño de 2019 pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais.
4. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data do 5 de xuño de 2019, asinada pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais.
5. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 10 de xuño de 2019 pola técnica de administración xeral e o 12 de xuño de 2019, polo concelleiro delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.
6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 20 de xuño de 2019 pola técnica de administración xeral e o 21 de xuño de 2019 polo concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
7. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo, de data 24/06/2019.
8. Prego de cláusulas administrativas de data 24 de xuño de 2019, asinado pola xefa do servizo de contratación.
9. Informe-proposta de aprobación do expediente asinado o 5 de xullo de 2019 pola técnica de administración xeral e polo concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda en data 8 de xullo de 2019.
10. Informe asinado pola letrada- asesora xurídica co conforme da titular da Asesoría Xurídica en data 11 de xullo de 2019.
11. Dilixencia asinada pola interventora xeral adxunta co conforme do interventor xeral para corrección da partida económica.
12. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 26 de xullo de 2019 pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
13. Dilixencia asinada o 2 de agosto de 2019 pola xefa do servizo de contratación facendo constar a modificación da partida económica requirida.
14. Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo, de data 2 de agosto de 2019.
15. Prego de cláusulas administrativas de data 2 de agosto de 2019, asinado pola xefa do servizo de contratación.
16. Informe-proposta de aprobación do expediente asinado o 2 de agosto de 2019 pola técnica de administración xeral e o 5 de agosto polo concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda.

17. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato asinado o 2 de setembro de 2019 pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais.
18. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinado o 2 de setembro de 2019 pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.
19. Dilixencia asinada o 3 de setembro de 2019 pola xefa do servizo de contratación facendo constar as modificacións introducidas no prego.
20. Prego de cláusulas administrativas de data 3 de setembro de 2019, asinado pola xefa do servizo de contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo, no momento de iniciarse o expediente, esta competencia estaba delegada por Decreto de Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Área. O Concelleiro Delegado de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos, en resolución de 16 de maio de 2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola enxeñeira técnica industrial da Área de Servizos Xerais, o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 159 da LCSP procede empregar o procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Debido a que na partida orzamentaria 9240 2279909 (MANTEMENTO DE ASCENSORES), non ten dispoñible, faise necesario consumir crédito da bolsa de vinculación, se ben con este contrato non se altera o funcionamento do servizo.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como



Concello de Vigo

órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (8790/320) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 2 de setembro de 2019 e o prego de cláusulas administrativas de 3 de setembro, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES INSTALADOS NOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE VIGO”.

3º.- Aprobar o gasto de **20.328,00 €** para a contratación do servizo de mantemento con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279909 (MANTEMENTO DE ASCENSORES), distribuídos do xeito seguinte:

- 2.541€ correspondente ao ano 2019.
- 10.164,00 € correspondente ao ano 2020.
- 7.623,00 € correspondente ao ano 2021.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(848).- APROBACIÓN MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 92/19. EXPTE. 369/441.

Visto o informe de fiscalización do 27/09/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo director superior contable e orzamentario e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

Memoria xustificativa de complementar e dotar determinadas aplicacións orzamentarias para a liquidación de determinados proxectos e dotar crédito para a adquisición de terreos dotacionais

Resolución do Sr. Alcalde Presidente da Corporación incoando o expediente de modificación orzamentaria.

Solicitude da Concellería de Fomento de tramitación dun expediente de modificación orzamentaria para a finalidade prevista.

Normativa Aplicable

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (RP)

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Lei 27/2013, de 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).

Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común

Resolucións do Sr. Alcalde Presidente de data 18 e 26 de xuño de 2019.

Expediente que se tramita

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 26/09/2019 instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº 92/19 que está conformado da seguinte documentación:

Xustificación da tramitación da Modificación

A xustificación ten orixe nos saldos estimados das liquidacións dos proxectos que se relacionan, así comona adquisición de terreos dotacionais para o desenvolvemento de instalacións acordes coa súa tipoloxía.

Estabilidade e regra de gasto

A modificación de crédito que se tramita, non incrementa a contía do orzamento, polo que non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade e da regra de gasto previstos para o ano 2019, non alterando as proxeccións contidas no Plan Económico Financeiro en vigor, non requirindo por elo, informe sobre o cumprimento dos obxectivos das regras fiscais

Órgano competente

O artigo 177 do TRLRFL, regula o réxime dos Suplementos e dos Créditos extraordinarios transferencias de crédito, no seu apartado 1), establece que cando haia de realizarse algún gasto que non poda demorarse ata o exercicio seguinte, e non exista crédito no orzamento ou éste sexa insuficiente, o presidente da corporación ordeará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario ou suplemento de crédito.



Concello de Vigo

No apartado 2), establece que a aprobación, previamente informado pola Intervención, se someterá á aprobación do Pleno da Corporación, con suxeición aos mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos.

A Base 8ª das de Execución do Orzamento vixente regula o réxime destas modificación orzamentarias.

Nos expedientes de Suplementos de créditos e Créditos Extraordinarios, seguirase a tramitación prevista nos artigos 169 e 171 do TRLRFL, aprobado polo RDL. 2/2004, de 5 de marzo.

Á vista a documentación incorporada, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no artigo 123.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) e artigo 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, fórmase ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Proposta

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 92/19 por unha contía de 1.568.572,60 euros, para facer fronte ás inversións que figuran no presente expediente.

A modificación orzamentaria nº 92/19 incorporada ao expediente 369/441 confórmase por suplemento de Crédito por unha contía total de 1.101.102,52 euros e Crédito extraordinario por un importe de 467.470,08 euros, facendo, por tanto, un total de 1.568.571,60 euros a presente modificación.

A xustificación da súa tramitación está motivada na memoria e no Decreto do Sr. Alcalde-Presidente de data 26 de setembro de 2019.

A modificación orzamentaria financiarase con cargo a diminución doutras aplicacións orzamentarias, que resultan reducibles, facéndose constar na memoria asinada a posibilidade da redución.

As orixes e aplicación de fondos (recursos e empregos) que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

RECURSOS

Aplicación		Proxecto	Importe	
9330	622.00.05	COMPRA LOCAL ANEXO COL.PINTOR LAXEIRO	19933005	317.500,00
1532	609.00.90	2ª ANULIDADE ACCESO A ESTACIÓN DO AVE	18153290	718.346,07
1532	619.00.01	HUMANIZACIÓN TERRENOS ADIF S.AVENDAÑO-CANADELO BAI	18153201	30.000,00
1532	619.00.15	HUMANZ. ENTORNO R. CASTRO ENTRE S.AVENDAÑO-H.BOTAN	18153215	30.906,12
1532	619.00.16	HUMANZ. RÚA ESCUELAS PÚBLICAS	18153216	50.743,17
1532	619.00.62	2ª FASE HUMANIZACIÓN RUA COLOMBIA	17153262	26.077,24

1532	210.00.00	CONSERVACION DE VIAS E ESPACIOS PUBL		135.000,00
3420	632.00.02	INVESTIMENTO CAMPO FÚTBOL CARBALLAL	16342030	260.000,00
				1.568.572,60

EMPREGOS

Aplicación		Proxecto	Modif.	Importe	
1539	619.00.08	DUSI CONEXIÓN PLAZA I. A CATÓLICA CON S. SALVADOR	17153908	Suplemento	28.849,73
1539	619.00.10	DUSI, ASCENSOR J.R.JIMENEZ, VALTERRA TORRECEDEIRA	17153910	Suplemento	237.104,08
1539	619.00.12	DUSI MARQUES DE VALTERRA OT4/OT6	17153912	C Extraordinario	63.943,11
3420	622.00.06	2ª ANUALIDADE CONSTRUCCIÓN NOVO PAVILLÓN QUIROS	18342006	Suplemento	307.917,36
3420	622.00.07	CONV.DEPUT. 2ª ANUALIDADE CONSTRUC. ROMIL 77.	18342007	Suplemento	184.790,85
3420	632.00.09	2ª ANUALIDADE PISTAS BAIXO G.DE RIO	18342009	Suplemento	139.100,00
3420	600.00.00	ADQUISICIÓN TERREO PAVILLÓN MATAMA	19342000	C Extraordinario	403.526,97
1532	609.00.02	2ª ANUALIDADE CARRIL BICI, SAMIL-TEIS	18153202	Suplemento	203.340,50
					1.568.572,60

SEGUNDO.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións, sempre coa lexitimación activa e causas previstas no artigo 170 do TRLRFL.

TERCEIRO.- De non presentarse reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose a súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partires da súa publicación.

De presentarse reclamacións, en cumprimento do regulamentado no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

As reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitiva (artigo 20 do RP).

Contra a aprobación definitiva da concesión de Suplemento de crédito e do Crédito Extraordinario, poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e pra-



Concello de Vigo

zos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

Conforme á Base 8ª das de Execución do Orzamento municipal vixente, os compromisos de crédito deberán facerse no propio exercicio no que se acordou o crédito extraordinario e suplemento de crédito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(849).- PROPOSTA DE REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO DAS OBRAS “RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN”. EXPTE. 153/441.

Visto o informe de fiscalización do 27/09/19, dáse conta do informe-proposta do 18/09/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe da Oficina Administrativa e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 07.02.2019 acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN” redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas e Enxeñeiro Civil D. Luis Vicente Vilar Montoro, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETECENTOS TRECE MIL NOVECENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (713.906,49 €) e asinado dixitalmente nas datas 19 e 21 de novembro de 2018.

Segundo: Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23.01.2019.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS TRECE MIL NOVECENTOS SEIS EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS DE EURO (713.906,49 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 123.901,13 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1710.609.00.01 (RECP.Z.VERDE SOBRE FALSO TUNEL DA AP-9 EN CANDEÁN).

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2019: 342.424,75 €

2020: 371.481,74 € “.

Segundo.- Unha vez tramitado o citado expediente de contratación e o seu correspondente procedemento de licitación, a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, acordou en data 16.05.2019:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441) por un prezo total de 559.274,34 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 97.064,14 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

En base ao acordo de adxudicación por importe de 559.274,34 euros, procedeuse a contabilizar a fase “D” para as dúas anualidades do contrato:

- Ano 2019: 342.424,75 € Nº operación contable 201900037922
- Ano 2020: 216.849,59 € Nº operación contable 201900037923

Terceiro.- O PCAP reitor do contrato das obras de “RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN” contempla no apartado 4.das FEC un prazo de execución de 4 meses.

Asemade, como data prevista para o inicio do contrato contemplábase o 1 de outubro de 2019.

Cuarto.- Con data 21.05.2019 formalizase o contrato das obras de “RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN” entre o Concello de Vigo e CIVIS GLOBAL, S.L.U.

Quinto.- Con data 21.06.2019 asínase acta de comprobación do replanteo negativa, emitíndose posteriormente acta de comprobación do replanteo positiva en data 09.09.2019.

Sexto.- En setembro de 2019, a mercantil CIVIS GLOBAL, S.L.U, como adxudicataria da execución das anteditas obras, presenta Programa de Traballo, sinalando o inicio das obras na data 09.09.2019 e propoñendo un prazo de execución de 113 días naturais, polo que o remate das obras está previsto na data 30.12.2019.

Á vista dos antecedentes, e tendo en conta a necesidade de axustar as anualidades inicialmente previstas no PCAP á estimación da execución das anteditas obras, co obxectivo de optimizar os créditos existentes no actual orzamento ao importe de adxudicación, para posibilitar unha minoración dos compromisos de gastos plurianuais a incluír no exercicio 2020, considerase necesario realizar a correspondente proposta de axuste de anualidades.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 96 do RXLCAP dispón o seguinte:

“1. Cando por atraso no comezo da execución do contrato sobre o previsto ao iniciarse o expediente de contratación, suspensión autorizadas, prórrogas dos prazos parciais ou do total, modificacións no proxecto ou por calquera outras razóns de interese público debidamente xustificadas producísese desaxuste entre as anualidades establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares integrado no contrato e as necesidades reais na orde económica que o normal desenvolvemento dos traballos esixa, o órgano de contratación procederá a reaxustar as citadas anualidades sempre que o permitan os remanentes dos créditos aplicables, e a fixar as compensacións económicas que, no seu caso, procedan.

2. Para efectuar o reaxuste das anualidades será necesaria a conformidade do contratista, salvo que razóns excepcionais de interese público determinen a suficiencia do trámite de audiencia do mesmo e o informe da Intervención.

3. Nos contratos que contén con programa de traballo, calquera reaxuste de anualidades esixirá a súa revisión para adaptalo aos novos importes anuais, debendo ser aprobado polo órgano de contratación o novo programa de traballo resultante”.

Segundo.- Consta no expediente administrativo de referencia programa de traballo presentado polo adxudicatario da obra e aprobado mediante resolución do Concelleiro da Área de Fomento e Servizos en data 13.09.2019 , no que se propoñe a súa integra execución no ano 2019, polo que non é necesario á conformidade do contratista.

Terceiro.-No Orzamento municipal do ano 2019 aprobado definitivamente polo Concello de Vigo en data 26.12.2018, trala resolución da Alcaldía de 23.08.2019 aprobando a modificación orzamentaria 85/19 do expediente 356/441 por un importe de 314.705,06 euros figura crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao importe das obras que serán executadas no ano 2019, na aplicación orzamentaria 1710.609.00.01 (RECP.Z.VERDE SOBRE FALSO TUNEL DA AP-9 EN CANDEÁN).

Cuarto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (Disposición adicional 2ª.4 da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe de fiscalización (artigo 214 da TRLRFL).

Por todo o exposto, e unha vez incorporado ao expediente o antedito informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Reaxustar as anualidades do contrato de obras de “RECUPERACIÓN DE ZONA VERDE SITUADA SOBRE O FALSO TÚNEL DA AP-9 NA PARROQUIA DE CANDEÁN” no seguinte sentido:

- Ano 2019: 559.274,34 euros

Segundo.- Autorizar o gasto e realizar a correspondente operación contable no orzamento do ano 2019 por un importe de 559.274,34 euros.

Para o seu financiamento, aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1710.609.00.01 (RECP.Z.VERDE SOBRE FALSO TUNEL DA AP-9 EN CANDEÁN).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(850).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA DO CONCELLO DE VIGO PARA A REORDENACIÓN DO ÁMBITO DO BARRIO DO CURA. EXPTE. 16980/411(RELACIONADO 1053/400).

Dáse conta do informe-proposta de data 13/09/19, asinado polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Visto o Acordo do Consello de data 27-08-2019 en relación coa aprobación inicial da Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura. -expte. 16980/411 (relacionado 1053/400)- e como queira que con data 11-09-2019 presentouse pola promotora documento modificado no que se reparan as circunstancias non invalidantes postas de manifesto nos informes de Secretaria Xeral del Concello de 20-8-2019 e a Intervención Municipal de 23-8-2019, de conformidade cos novos informes favorables da Secretaria Xeral e a Intervención Municipal de 12-09-2019, propónse a adopción do seguinte

«ACORDO:

PRIMEIRO: *Prestar aprobación inicial á «Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura», instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido por esta administración, e formulado pola entidade “Barrio do Cura Desarrollo, SLU” que inclúe a documentación presentada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo con data do 29 de marzo de 2019, co código de solicitude COD.SOL.: W333931-4086, e asinada dixitalmente con firma válida, polo Director do equipo redactor don Alfonso Carlos Penela Fernández con data do 27.03.2019 con las modificaciones presentadas con fecha 11-09-2019.*

SEGUNDO: *Someter a información pública o expediente incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous meses, mediante a publicación de anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, no Taboleiro de edictos desta XMU e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titu-*



Concello de Vigo

lares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente.

Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación. Asemade e simultaneamente e durante o mesmo prazo, se dará audiencia aos Concellos limítrofes.

TERCEIRO: *Acordar, consonte o disposto no 47.2 da LSG a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación.*

Con data 17/09/19 o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, ditamina favorablemente a proposta de acordo que consta no expediente propoñendo ao Pleno a súa aprobación previa a súa consideración pola Xunta de Goberno Local, artigo 127.1.c) LBRL.

Dáse conta das dilixencias de data 30/09/19, amosando conformidade coa proposta, asinadas pola arquitecta Xefa de Barrios Históricos e a técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión.

Así mesmo, dáse conta da dilixencia asinada polo xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo e a concelleira-delegada de Área, de data 30/09/19.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(851).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MISTURAS BITUMINOSAS E EMULSIÓNS ASFÁLTICAS PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 79713/250.

Visto o informe xurídico do 16/09/19 e informe de fiscalización do 26/09/19, dáse conta do informe-proposta do 28/08/19, asinado polo xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 2/11/2017, na súa calidade de órgano de contratación acordou adjudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.-L.U. (CIF B-27802503) o contrato de subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (79713-250) seguido por procedemento aberto e tramitación ordinaria; por un prezo total de seiscientos mil euros (600.000 euros) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de cento catro mil cento trinta e

dous euros e vinte e tres céntimos (104.132,23 euros);e unha baixa proporcional única do 18,93% de aplicación a cada un dos prezos unitarios relacionados no anexo do PPT e unha baixa proporcional única do 80,11% a aplicar sobre os produtos e materiais non previstos no cadro de prezos do anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 28/11/2017, consta na Cláusula cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos sendo a data de inicio do contrato o 29 de novembro de 2.017.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola normativa anterior en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 23 do RD lexislativo 3/2.011, de 14 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrencia para a súa adxudicación realizárase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos o período de prórroga. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse o consentimento tácito das partes.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista. O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha.

Cuarto.- Considérase conveniente polo técnico que subscribe propor a prórroga do contrato de subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas por un período dun ano toda vez que o funcionamento dos subministros durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª.apartado 3 do TRLCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 29 de novembro de 2.019 ao 28 novembro de 2.020, sendo que o prezo anual ascende a un total de trescen-



Concello de Vigo

tos mil euros (300.000 euros) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de cincuenta e dous mil sesenta e seis euros e doce céntimos (52.066,12 euros).

Sétimo.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.2100000 “Conservación de Vías e Espacios públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.019.-período comprendido entre o 29 de novembro de 2.019 e 31 de decembro de 2.019: 27.049,18 euros.
- Ano 2.020- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 28 de novembro de 2.020: 272.950,82 euros.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (79713-250), formalizado coa entidade mercantil NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. polo período comprendido desde o 29 de novembro de 2.019 ata o 28 novembro de 2.020.

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato de subministro de mesturas bituminosas e emulsións asfálticas para o Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (79713-250) a favor da entidade mercantil NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. (CIF B-27802503) por importe de TRESCENTOS MIL EUROS (300.000 euros) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de cincuenta e dous mil sesenta e seis euros e doce céntimos (52.066,12 euros); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.2100000-“Conservación de Vías e Espacios públicos”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.019.-.- período comprendido entre o 29 de novembro de 2.019 e 31 de decembro de 2.019: 27.049,18 euros.
- Ano 2.020- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.020 e 28 de novembro de 2.020: 272.950,82 euros.

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

12(852).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO DE SERVIZOS DE XESTIÓN DOS TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2319/330.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta do 1/10/19, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



Concello de Vigo

- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Regulamento (CE) nº 213/2008 da Comisión do 28 de novembro de 2007 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o vocabulario común para contratos públicos (CPV)), e as Directivas 2004/17 / CE e 2004/18 / CE do Parlamento Europeo e do Consello sobre os procedementos para os contratos públicos, con respecto á revisión do CPV.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello de Vigo, (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello, de Vigo (PPT).

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 9 de maio de 2019, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), entre outros asuntos, acordou a aprobación do expediente de contratación de servizos de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello, de Vigo (expediente 2.319-330), a autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 13 de maio de 2019 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo, comezando o prazo de presentación de ofertas ó día seguinte.

Durante o prazo de licitación presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

1. SACAFERRO, S.L.
2. FLUGE GALICIA, S.L.
3. PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.
4. SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.”

Todos eles resultaron admitidos neste procedemento por acordo da mesa de contratación de 12 de xullo de 2019.

Terceiro.- En data 31 de xullo de 2019, a Mesa de Contratación acordou “Iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U por ter formulado unha oferta incurso en presunción de anormalidade”.

Cuarto.- En data 12 de agosto de 2019 a Mesa de Contratación acordou aceptar o informe de data 6 de agosto de 2019 do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural sobre a xustificación presentada por SOLIMUSIC EVENTS, SLU, no que conclúe que “a oferta garantiría os costes salariais dos tres postos en aplicación do convenio colectivo do sector (Convenio Colectivo Autonómico de eventos, servizos e producións culturais de Galicia (DOG nº 69 de 14 de abril de 2015))”.

Quinto.- En data 12 de agosto de 2019, a Concelleira delegada de Contratación, por delegación da XGL en acordo de 20 de xuño de 2019, acordou:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	94,00
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	85,46
3	EULEN, S.A.	70,92
4	SACAFERRO S.L.	44,08

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Sexto.- En data 26 de agosto de 2019, a Concelleira delegada de Contratación, por delegación da XGL en acordo de 20 de xuño de 2019, acordou:

“1º.- Rectificar o primeiro punto da resolución de data 13 de agosto de 2019 de clasificación das ofertas presentadas e admitidas neste procedemento, no referido ao nome do licitador clasificado en terceiro lugar, que quedará redactado como segue:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	94,00
2	PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.	85,46
3	FLUGE GALICIA	70,92
4	SACAFERRO S.L.	44,08

Segundo.- Notificar esta resolución a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. para o seu coñecemento e publicala no perfil de contratante”.

Sétimo.- En data 22 de agosto de 2019 a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. para que poida acreditar estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social. Unha vez acreditado este extremo, en data 30 de agosto de 2019, formulase a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno Local.

Oitavo.- En data 5 de setembro de 2019 a Xunta de Goberno Local acordou:

“Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos no auditorio municipal da Casa do Concello (2.319-330) por un prezo total de 208.783,08 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 36.235,08 euros euros e coas seguintes condicións:

- a) Propón unha porcentaxe de desconto do 17,93% a aplicar aos prezos unitarios consignados no apartado 3.G do Anexo I (FEC) do PCAP.*
- b) Propón o incremento da experiencia mínima esixida no apartado 16.B.1.a das FEC para o/a xefe/a de sala en servizos de traballos técnicos similares de 9 anos.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Noveno.- En data 27 de setembro de 2019, Ángel Albino Escariz Pérez, con DNI núm. 36025890R, en nome da mercantil PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, interpón recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro polo que se adxudica a contratación dos servizos de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación o acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de setembro polo que se adxudica a contratación dos servizos de xestión dos traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.

-II-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a legislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola legislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A legislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:



Concello de Vigo

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscrición dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargos cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso prevense nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos neste recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, para os efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo neste informe no caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a non admisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, o acordo de adxudicación é un acto susceptible deste recurso.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpe as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais, segundo a cal os licitadores ostentan lexitimación activa para recorrer.



Concello de Vigo

O recorrente é indubidable que ostenta lexitimación activa pola súa condición de licitador.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderás solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.
- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recorra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ao que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

“Cando se interpoña contra a adxudicación do contrato, o cómputo iniciarase a partir do día seguinte a aquel en que esta se lles notificou, de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta, aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento”.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

O recurso contén unha única alegación. O recorrente considera que o acordo de adxudicación é nulo. Apoia esta afirmación no feito de que comprobado de oficio por esta Administración que o primeiro clasificado tiña débedas coa Seguridade Social durante o prazo que lle foi concedido para achegar a documentación do artigo 140, a Mesa de Contratación debeu excluílo do procedemento, e propoñer ao órgano de contratación a imposición dunha prohibición de contratar, tanto por non estar ao corrente das súas obrigas como pola falsidade documental cometida ao declarar no DEUC o contrario, en cumprimento co disposto nos artigos 71 a 73 da LCSP. No entanto, a Mesa outorgoulle un prazo de emenda durante o cal este achegou un certificado de estar ao corrente co citado organismo. Á vista destas circunstancias o recorrente considera nulas de pleno dereito tanto a actuación da Mesa como o subseguinte acordo de adxudicación da Xunta de Goberno local.

Comezaremos por establecer se concorren ou non as prohibicións de contratar que alega o recorrente. Para iso analizaremos en primeiro lugar a súa regulación na LCSP. O artigo 71.1 da LCSP fixa entre as prohibicións de contratar as seguintes:

- “Non estaren ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, nos termos que regulamentariamente se determinen” (apartado d).
- “Teren incorrido en falsidade ao efectuar a declaración responsable a que se refire o artigo 140 ou ao facilitar calquera outro dato relativo á súa capacidade e solvencia” (apartado e).

O órgano competente para apreciar e impoñer estas prohibicións de contratar, consonte ao artigo 72.1, é o órgano de contratación.

Respecto aos efectos desta declaración determina o artigo 73.1 que estas prohibicións de contratar afectarán unicamente ao ámbito do órgano de contratación competente para a súa declaración, se ben permite que se poida estender ao correspondente sector público no que se integre o órgano de contratación.

Unha vez consignados os preceptos legais de aplicación, é preciso por de relevo o feito de que cando esta Administración fai unha consulta a través da plataforma de intermediación do Estado sobre se os licitadores están ou non o corrente das súas obrigas coa Seguridade Social, obtén un informe no que unicamente se indica, como resultado da consulta, se o titular, identificado co seu NIF, está ou non ao corrente no cumprimento das mesmas. Non identifica nin a débeda, nin a data na que se produciu, nin o seu importe.

O artigo 71.1.d da LCSP establece unha excepción á prohibición de contratar relativa á falta de pagamento de obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, esta é que as débedas estean aprazadas, fraccionadas ou se acordase a súa suspensión con ocasión da impugnación de tales débedas. Neste caso considerárase que as empresas están ao día. Máis ao realizar a consulta, se concorre algunha destas circunstancias, o informe determina que “non está ó corrente no cumprimento das obrigas de pagamento da Seguridade Social”.



Concello de Vigo

Esta é a razón pola que esta Administración, cando obtén un resultado negativo na consulta, solicita unha aclaración ao licitador afectado, para que este poida aclarar se as débedas estean aprazadas, fraccionadas ou se acordou a suspensión das mesmas.

Con respecto á falta de imposición das prohibicións de contratar por parte desta Administración a SOLIMUSIC vamos a analizar por separado a pertinencia ou non de impoñer cada unha das solicitadas polo recorrente:

1.- Falsidade documental

Esta Administración carece de datos para afirmar cando se produciu a débeda. En consecuencia, non é posible determinar se o licitador no momento de presentar o DEUC tiña ou non débedas.

E sen probas non se pode impoñer unha prohibición de contratar. A prohibición de contratar non deixa de ser unha sanción imposta no ámbito da contratación do sector público. E non previsto na LCSP, hai que aplicar as demais normas administrativas e o resto do ordenamento xurídico como dereito supletorio. Os principios do procedemento sancionador están regulados no capítulo III do Título Preliminar da LRJSP e o procedemento na LPAC. É un principio indubitable do noso dereito a presunción de inocencia, consignado como dereito fundamental no artigo 25 da Constitución española con respecto ó procedemento penal e recollido no ámbito do dereito administrativo no artigo 53.2.b, que establece que nos procedementos administrativos de natureza sancionadora os interesados teñen dereito a presunción de non existencia de responsabilidade administrativa. Podemos concluír, en consecuencia que, sen probas non é posible acreditar os feitos e a infracción cometida, e polo tanto, non é posible impoñer unha sanción pola súa comisión. Nesta liña establece o artigo 89.1.b da LPAC que deberá archivar de oficio un procedemento sancionador cando os feitos non resulten acreditados.

2.- Incumprimento de obrigas coa Seguridade Social

Esta Administración non pode averiguar a través da Plataforma de intermediación se a débeda está aprazada, fraccionada ou en suspenso. Esta é a razón, como se ten dito para solicitar aclaracións ó licitador.

Unha vez que SOLIMUSIC achega o certificado positivo, esta Administración xa non pode impoñerlle unha prohibición para contratar por canto consonte ó artigo 72.1 a prohibición relativa ó incumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social subsiste mentres concorran as circunstancias que en cada caso se determinan.

Neste punto é preciso recordar que precisamente unha das novidades introducidas polas actuais directivas de contratación pública é a posibilidade de que os órganos de contratación poidan rehabilitar os licitadores que tiñan cometido algunha infracción no eido da contratación cando a causa que orixinou a prohibición de contratar tiña sido removida. Son as denominadas pola doutrina “medidas de selfcleaning”. Así o artigo 57.2 da Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE contempla como causa de exclusión obrigatoria dos licitadores o incumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, sempre e cando esta circunstancia conste nunha resolución xudicial ou administrativa firme e vinculante. Máis a exclusión en base a este motivo quedará sen efecto unha vez que o licitador cumpra coas súas obrigas de pagamento ou celebrado un acordo vinculante con

vistas ó pagamento dos impostos ou cotizacións que debe, incluídos no seu caso os xuros acumulados ou as multas impostas. De este modo, o pagamento da débeda é unha vía para eludir a prohibición para contratar.

Demostrado que esta Administración obrou correctamente ó solicitar a aclaración ó licitador tras a consulta con resultado negativo formulada a través da plataforma de intermediación, non procede acoller a alegación de nulidade de pleno dereito das actuacións nin da Mesa de Contratación nin do órgano de contratación.

Para rematar, é preciso mencionar que o licitador en apoio da súa tese reproduce varios extractos de resolucións do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (TACRC). No entanto, todas elas foron ditadas con anterioridade á entrada en vigor da LCSP ou, ben posteriores pero no ámbito de procedementos ós que se aplicaba o derogado TRLCSP.

Pois ben, o TACRC mudou o criterio relativo á interpretación do artigo 140.4 da LCSP, que establece que “As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar a que se refiren os números anteriores deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato”. Así, a Resolución nº 193/2019 del Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, fixa a seguinte interpretación do citado precepto:

“No existen salvo error u omisión precedentes en que esta situación se haya planteado con la vigencia de la nueva LCSP, aunque sí que se dictaron resoluciones bajo la vigencia del anterior Texto Refundido, como por ejemplo las Resoluciones 1002/2017, de 24 de noviembre, 783/2015, de 11 de septiembre, 502/208, de 29 de junio, 831/2016, de 28 de octubre, o 1041/2016 de 16 de diciembre, entre otras.

Pues bien, aunque ciertamente la previsión legal es muy exigente, este Tribunal considera que el artículo 140.4 LCSP admite una interpretación distinta a la que mantiene el Órgano de Contratación. El Tribunal entiende que, al exigir la LCSP art. 140.4, que estas circunstancias de capacidad “concurran” en la fecha de finalización del plazo de presentación de ofertas y que “subsistan” en el momento de la perfección del contrato, no está exigiendo necesariamente que hayan concurrido también en todo el período intermedio, pudiendo por tanto existir deudas en este período intermedio siempre que la capacidad exista en los dos momentos que literalmente cita la LCSP. En este caso, la empresa adjudicataria ha acreditado que en el momento en que se solicita la acreditación de estar al corriente de las obligaciones con la seguridad social, ha obtenido un certificado positivo, es decir, que no mantiene deuda con dicha entidad. En efecto, cuando presenta la documentación exigida, el 6 de noviembre, el certificado es positivo; como se recoge en el informe del órgano de contratación el certificado que se le transmite por los servicios, en el que se afirma que no se encuentra al corriente de sus obligaciones, se encuentra desfasado porque no incorpora que, en ese mismo día, dentro de plazo, la empresa regularizó sus obligaciones con la seguridad social. Abunda en ello la redacción de la cláusula 8.5 del PCAP que transcribe el artículo 140.4 cuando afirma que “de acuerdo con el artículo 140.4 de la LCSP, las condiciones de aptitud y de solvencia exigidas deben concurrir en la fecha de finalización del plazo de presentación de las ofertas y subsistir en el momento de la perfección del contrato”. Este precepto debe



Concello de Vigo

ser entendido en el contexto de artículo 1 LCSP que proporciona criterios de interpretación de toda la Ley, y, entre otros, el de favorecer la concurrencia en la licitación La finalidad del precepto analizado, interpretado a la luz de este principio, a juicio de este Tribunal, y como ya se ha expuesto, solo exige que en el momento de presentación de las ofertas y cuando debe acreditarse documentalmente la no existencia de deudas con la seguridad social en el momento de la adjudicación del contrato, el licitador esté al corriente de las obligaciones con la seguridad social, pero no exige que esta situación deba producirse durante todo el procedimiento de licitación.”

Á vista da argumentación formulada, a xuízo desta informante, procede propor ó Tribunal a inadmisión dos motivos de impugnación formulados polo recorrente.

-VI-

Conclusionés

Á vista do exposto ó longo deste informe, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamentos xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación do acordo da XGL de 5 de setembro de 2019 de adxudicación do procedemento que nos ocupa, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No caso que nos ocupa o recorrente solicitou a suspensión do procedemento. Dado que é a suspensión do procedemento é imperativa en caso de impugnación do acordo de adxudicación esta Administración está conforme coa mesma.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(853).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA DE ESTADO DE SERVIZOS SOCIAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE CONSUMOS ADICTIVOS EN MENORES E MOZOS DO CONCELLO DE VIGO “. EXPTE. 8937/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 2/10/19 e o informe de fiscalización do 3/10/19, dáse conta do informe-proposta de data 2/10/19, asinada pola xefa do Servizo de Xuventude e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Proposta de solicitude de subvención á convocatoria da Secretaría de Estado de Servizos Sociais, pola que se convoca en 2019 a concesión daxudas económicas a corporacións locais para o desenvolvemento de programas de prevención das drogodependencias, con cargo ao Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos á Xunta de Goberno Local a aprobación da presentación da solicitude de subvención á convocatoria anteriormente relacionada cuxo prazo remata ou vindeiro día 4 de outubro, en base aos seguintes parámetros:

PROGRAMA PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

1. Datos de identificación da Entidade solicitante:

Nome: Concellaría de Mocidade do **Concello de Vigo**

Domicilio: c/ López Mora, 31 – 36211 Vigo

Teléfono: 986 294 806, móbil 659474202

Correo electrónico: xuventude@vigo.org

Poboación de dereito segundo o Padrón Municipal 298.355

Descrición dou programa:



Concello de Vigo

Denominación dou programa: **Programa de prevención de consumos adictivos en menores e mozos/as do Concello de Vigo 2019/2020**

Custo previsto do programa : 470.000 €

Subvención solicitada : 329.000 €

Achega municipal: 141.000 €

Porcentaxe da subvención solicitada sobre o custo previsto do programa (non poderá exceder 70%): 70%

É un programa de continuidade: Si.

En caso afirmativo, indicar en que anos se realizou e entidade outorgante da subvención: Dende o ano 1999 até 2018 Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

2.6 ACTIVIDADES A REALIZAR.

2.6.1. Breve explicación e descrición das actividades e adecuación e coherencia das mesmas en relación cos obxectivos e poboación destinataria.

O Programa de Lecer Alternativo para a prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo 2019/2020 levará a cabo durante **todo o** ano , cunha duración de **360 días** e unha media de **6 horas diarias**. Reforzarase as fins de **semana**, que é cando os/as mozas dispoñen de máis tempo libre e en períodos **vacacionais**.

Este programa foise adaptando, edición a edición, ás necesidades e intereses da poboación xuvenil da cidade e en cada vez reúne a un número maior de participantes.

Dende fai varias edicións apostouse por estendelo ás **tardes de tódolos días da semana**, posto que un número importante de adolescentes e mozos dedican este tempo a estar na rúa, parques, portais e escaleiras de edificios ou visitar diferentes centros comerciais, salóns de xogo, etc. Trátase fundamentalmente de **mozos** cun elevado nivel de **absentismo e/ou fracaso escolar**, moitos deles pertencentes a familias **desestructuradas** ou **con poucos recursos** de todo tipo e tamén un bo número de **mozos inmigrantes con dificultades de integración**.

Ante a posibilidade de risco que iso leva (consumo de todo tipo, especialmente tabaco, alcol e outras substancias tóxicas), estímase oportuno ofertarlles un espazo para quedar e de lecer alternativo, onde, a través de actividades lúdicas, levarán a cabo tarefas de prevención, formación e integración, desenvolvidas tanto por dinamizadores/as xuvenís como por persoal do Equipo de Prevención do Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións.

Seguiranse incrementando as actividades formativas en horario de tarde, xa que se constatou unha maior afluencia de mozas que antes ocupaban este tempo con actividades extraescolares e que agora, debido á crise económica que afecta a todo o país, non poden custearse.

As actividades informativas e de prevención directa tamén se realizarán durante todo o **curso escolar** e dentro do **horario lectivo** para poder chegar a un maior número de mozos, achegándonos para iso aos seus respectivos centros de estudos.

No **período estival** reforzarase cunha programación específica, **ampliándose o horario e o grupo de idades dos/as destinatarios/as**. Realizaranse actividades específicas por idades, en función do seu desenvolvemento evolutivo e os seus intereses, e cun marcado carácter preventivo. Nestas actividades, que serán sobre todo lúdicas, preténdese traballar hábitos saudables de hixiene, alimentación, igualdade de xénero, rexeitamento de consumo de drogas e tamén outros valores como a solidariedade, a responsabilidade, a participación, etc.

Nesta nova edición se reforzarán as actividades promovidas por colectivos xuvenís (concertos, xogos de rol, monólogos, cosplay, trivial freak...)

O Programa Xuvenil de Lecer Alternativo de Vigo para a prevención de consumos adictivos en menores e novos, pretende ser unha actuación global que parte da idea de poder utilizar o tempo de lecer dos e as mozas como un espazo para a integración social e o desenvolvemento íntegro das persoas ás que vai dirixido.

Este programa integra varias actuacións coordinadas pola Concellaría de Mocidade, o Plan Local de Drogas, Benestar Social, Emprego, Deportes, Medio Ambiente e Cultura do Concello de Vigo, así como outras entidades relacionadas coa mocidade, que teñen unha serie de obxectivos e uns destinatarios comúns e que a través do traballo transversal trataremos de desenvolver unha serie de actuacións que consigan unha idónea estratexia de prevención .

As diferentes **actividades** serán **planificadas tendo en conta o desenvolvemento evolutivo, intereses e expectativas dos destinatarios así como a adecuación dos horarios ás características dos mesmos**.

Tamén se terá en conta a **experiencia e avaliación do programa en anos anteriores**, que facilitará a adecuación das actividades concretas ás necesidades dos/os usuarios/as e aos obxectivos do programa, así como as circunstancias da sociedade en cada momento.

Unha parte das actividades serán propostas polos mozos e mozas da cidade, ben sexa a nivel individual ou colectivo (agrupacións informais, asociacións ou colectivos xuvenís, vocalías xuvenís de asociacións veciñais, etc.).

É por iso que a programación xeral dará cabida a diversas actuacións que, á súa vez, dividiranse en bloques de actividades. Así, pois, podemos diferenciar:

Actividades de dinamización infantil en espazos municipais.

Espazos con actividades para nenos e nenas de 4 a 12 anos onde se traballan valores como: a igualdade, o respecto mutuo, o espírito crítico, o respecto ao medio ambiente, a s actitudes e hábitos de conduta saudables, a tolerancia, etc.

Educación para a igualdade: traballando de forma transversal durante toda a práctica, a través de asembleas conxuntas, xogos de rol e xogos de confianza.

Educación para a saúde: tamén de ou de forma transversal durante toda a práctica, a través de hábitos de hixiene, narracións e as novas tecnoloxías.

Coidado do medio ambiente: mediante saídas dirixidas, trabállase a importancia da reciclaxe e o uso responsable da auga.

Características:



Concello de Vigo

- Funcionan todo o ano, con excepción do mes de agosto, e en horario de 16:30 a 20:30 Xullo, agosto e setembro de luns a venres en período lectivo e de 8 a 15:00h en períodos vacacionais, co obxectivo de conciliar a vida laboral e familiar.
- Contan cun programa mensual de actividades específicas de carácter lúdico, con xogos dirixidos por profesionais con formación en lecer e tempo libre.

Actividades de dinamización xuvenil en espazos municipais.

Espazos de actividades e de encontro para mozos durante as tardes e noites de luns a domingo. Trátase de ofertar un espazo onde poder atoparse cos seus iguais, gozar dun lecer saudable e enriquecedor sen necesidade de realizar ningún tipo de consumo.

Características:

- Funcionarán durante todo o ano.
- Constará de actividades dirixidas a mozas de 13 a 18 anos e outras para mozos de até a 30 anos. Nalgunhas actividades específicas aumentarase o rango de idade, tanto para dar cabida a menores de 13 anos ou para maiores de 30.
- Contarán con dinamizadores/as e informadores/as xuvenís, especialistas nalgunhas actividades concretas (sobre todo en actividades formativas) e cunha persoa coordinadora de actividades.
- Actividades lúdicas, deportivas, culturais e formativas. Ademais, informarase aos e as mozas sobre diferentes alternativas de lecer e realizarase unha intervención directa e seguimento, sobre todo con aqueles mozos e mozas en situación de risco e/ou con dificultades de integración.

Talleres específicos de formación-información e monográficos.

Características:

- Realizaranse diferentes charlas, talleres, cursos e outras dinámicas informativas-formativas sobre diversas temáticas de interese xuvenil e relacionadas co consumo de sustancias tóxicas, recursos xuvenís, asociacionismo, planificación e avaliación de programas, habilidades sociais, novas tecnoloxías, emprego, saúde, medio ambiente, etc. Tamén se elaborarán unha serie de monográficos cos temas de maior interese ou máis demandados polos e as novas.
- Estas actividades levarán a cabo en diferentes espazos da cidade: centros educativos, Casa da Xuventude, Espazo Creativo VigoSónico, locais de asociacións xuvenís, espazos municipais, etc. Os monográficos estarán ademais dispoñibles na páxina web da Concellaría de Xuventude.
- Realizarase un mínimo dunha actividade formativa-informativa á semana, desde o mes de outubro ata o mes de xuño, coincidindo co período lectivo dos mozos participantes.
- Para a realización destas actividades contarase coa colaboración doutros servizos do Concello (Unidade do Plan Local de Drogodependencias Municipal, Servizo de Igualdade, Plan Saúde, etc.) e de expertos/as en cada temática en particular. Complementarase con información actualizada dos programas preventivos da Unidade de Drogodependencias Municipal.

- O público destinatario variará en función da temática da actividade: estudantes, membros de asociacións, menores en risco, adolescentes, mozos en xeral, monitores e dinamizadores xuvenís, profesionais da hostalaría, etc.

Actividades musicais nos locais de ensaio e en espazos alternativos.

- Espazos acondicionados para o ensaio de formacións musicais, onde, ademais de ensaiar e compor temas, poderase obter información específica (cursos, concursos, actuacións, etc.), compartir experiencias e proxectos, intercambiar instrumentos ou ideas, aprender técnicas básicas, etc.

Características:

- Realizarase sobre todo no Espazo Creativo Xuvenil VigoSónico, Tamén se realizarán actividades específicas en diferentes espazos públicos da cidade, así como nos locais de asociacións, salas de concertos e locais recreativos e en instalacións municipais.
- Os locais de ensaio estarán abertos durante todo o ano, de martes a domingo. Ademais, realizaranse concertos e outras actuacións musicais que terán lugar, sobre todo, os fins de semana ou en períodos vacacionais.
- O público destinatario serán os/as mozas con idades comprendidas entre os 13 e os 30 anos.

Actividades específicas no verán.

Características

- Actividades de lecer preventivo e alternativo en período estival
- Realizarase en instalacións municipais, espazos públicos, asociacións, pavillóns deportivos e, nas actividades que así o requiran, nas instalacións de entidades privadas.
- Realizaranse en período estival, de xuño a setembro.
- Dado o seu carácter preventivo, as actividades irán dirixidas a menores e a mozos/as, establecendo tramos de idades en función das necesidades, intereses, expectativas e desenvolvemento evolutivo.
- Estas actividades serán sobre todo lúdicas, pero con compoñentes formativos, culturais, deportivos, musicais, ambientais e, sobre todo, con hábitos saudables e de valores positivos.

Actividades en rede con colectivos e asociacións xuvenís.

Características:

- Actividades de lecer alternativo que permitan aos colectivos e entidades xuvenís traballar en rede (entre si e con outras entidades e departamentos municipais) desenvolvendo un amplo abanico de posibilidades de cara ao fomento de hábitos de vida saudables.
- Realizaranse en espazos públicos, locais das propias asociacións, instalacións municipais, centros educativos, centros comerciais e outros espazos privados destinados ao lecer.
- Realizaranse entre novembro e setembro, intensificándose os fins de semana e en períodos vacacionais.



Concello de Vigo

- O público destinatario será principalmente adolescentes e xoves, aínda que haberá actividades, sobre todo algunhas desenvolvidas en espazos públicos, que irán dirixidas ao público en xeral.
- Estas actividades serán eminentemente lúdicas, pero tamén formativas, culturais, deportivas, musicais, artísticas, etc. e sempre de carácter preventivo con respecto ao consumo de drogas.

Actividades ambientais e de hábitos saudables.

Características:

- Sensibilización e implicación da poboación xuvenil con respecto da necesidade de coñecer e coidar os espazos naturais e o medio onde se habita, así como promover hábitos de vida saudables.
- Realizaranse actuacións sobre todo en espazos naturais: montes, praias, ríos, parques naturais, etc. Algunhas actividades realizaranse en espazos públicos abertos e outras en espazos municipais pechados (instalacións do zoo, Casa da Xuventude, Institutos e outros centros educativos, Espazo creativo VigoSónico, etc.)
- Realizarase un mínimo dunha actividade deste tipo á semana durante todo o ano, intensificándose sobre todo nos fins de semana e nos períodos vacacionais
- Realizaranse grupos diferentes en función da actuación específica a desenvolver (voluntariado, rutas de sendeirismo, hortas urbanas, talleres, acampadas...)

Actividades de asesoramento nutricional e hábitos saudables.

Características:

- Actividades onde se transmita a necesidade de coidar o corpo a través de hábitos saudables, a alimentación e o exercicio. Realizaranse actuacións personalizadas de asesoramento (medicións antropométricas e avaliación dos resultados, con recomendacións de hábitos nutricionais e actividades físicas adaptadas ao ritmo de vida e tempo libre de cada un/a) e outras colectivas (talleres de nutrición, charlas-coloquio sobre hábitos alimenticios e de saúde en xeral, sobre o efecto prexudicial do consumo de drogas, actividades formativas, actividades lúdicas, etc.)
- Realizaranse en diferentes espazos como a Casa da Mocidade, Espazos municipais de dinamización xuvenil, centros educativos, asociacións xuvenís e outros espazos de concentración de poboación xuvenil (prazas, eventos específicos, praias, centros comerciais...).
- Realizaranse un mínimo de dúas actividades semanais durante todo o ano.
- O público destinatario serán menores e novos.

Cada unha destas actuacións contemplará unha serie de actividades que se irán adaptando ás demandas, necesidades e intereses dos/as novas, quen poderán participar no deseño das mesmas a través de diferentes canles como as caixas de correos de suxestións colocados en cada espazo de actividades, envío de correos electrónicos á Casa da Mocidade, propostas nas asociacións participantes, pero sobre todo as propostas concretas

que vaian xurdindo en cada espazo ou en cada actividade e que son froito do traballo elaborado até ese momento.

Trátase de ir traballando cos e as mozas a necesidade dun lecer creativo e enriquecedor e de que son eles/elas quen teñen que implicarse na súa programación, desenvolvemento e avaliación.

Así pois, este programa non contén unha serie de actividades definidas e pechadas desde o principio, senón que se irán conformando a medida que se vai desenvolvendo. Isto non quere dicir que estas actividades se improvisen senón que se programarán periodicamente para cada actuación en concreto, dando cabida a novas propostas, introducindo cambios noutras, e axustándose ás novas necesidades e experiencias dos/as novas, todo iso debido ao proceso de avaliación continua ao que son sometidas

Procurarase que durante todo o ano realícense actividades para todos os perfís de mozos tendo en conta os seguintes bloques:

a) Actividades lúdicas.

- Actividades amenas e divertidas, con atractivo para ocupar o tempo de lecer e que mobilicen a un número importante dos asistentes.
- Serán definidas de antemán para que sirvan de gancho para o resto da programación.
- Serán coordinadas por persoas con experiencia en dinamización xuvenil ou no desenvolvemento da actividade. Mellor si poden ser asumidas por asociacións, aínda que non é imprescindible.
- Exemplos destas actividades: xogos de rol e estratexia, bailes, danzas do mundo, torneos de dardos, xadrez, fútbolín, PlayStation, grandes xogos, etc.

b) Actividades deportivas e xogos.

- Trátase de actividades que poidan funcionar complementaria e/ou substitutivamente das actividades lúdicas.
- Organizaranse espontaneamente (pachanga) ou por medio dunha liguiña, torneo ou cursos (cando o deporte a realizar así o precise). Na tempada estival potenciaranse as actividades físico-deportivas ao aire libre e as de auga.
- Propóranse diversos deportes colectivos (en función das instalacións), nos que se poidan incorporar criterios de entretemento, actividade física, integración de ambos os sexos, competitividade deportiva, etc. Ademais das técnicas deportivas concretas expóranse os valores positivos que achega cada modalidade. Incorporaranse varios deportes urbanos, dada a condición de Vigo como unha gran cidade e cun gran número de mozos amantes deste tipo de actividades.
- Actividades: baloncesto mixto, pachangas (liguiñas de diferentes deportes, segundo a demanda), fútbol sala, patinaxe, skate, roller, ping-pong, xogos tradicionais, sendeirismo, parkour, remo, piragüismo, vea, etc.

c) Talleres

- Actividades a realizar en paralelo ás lúdicas e ás deportivas e xogos.
- En principio unicamente haberá que establecer que talleres realízanse. Se é posible, os participantes elixirán os talleres que lles interesan e, tamén, aqueles que sen estar ofertados poderíanlles interesar. Preténdese tamén realizar grupos por afinidades que faciliten a integración e o intercambio de saberes.



Concello de Vigo

- Preferiblemente a organización destes talleres correrá a cargo de asociacións e outras dependencias municipais, aínda que para algúns talleres específicos acudirase a especialistas.
- Talleres tipo: habilidades sociais para a prevención, cociña saudable, horta urbana, break-dance, maquillaxe de efectos especiais, reciclaxe, amigurumis, hama beads, personalización de diferentes obxectos, etc.

d) Acceso ás novas tecnoloxías.

- Actividades a realizar de forma paralela ás anteriores.
- Estarán coordinadas de forma que, cada día, polo menos un dos espazos acolla actividades deste tipo. Preténdese con iso facilitar o acceso ás novas tecnoloxías, sobre todo a aqueles/as novos con menos recursos.
- Nalgúns casos estas actividades serán levadas a cabo por especialistas, sobre todo si se tratan de cursos, charlas, obradoiros.
- Algunhas propostas serán: acceso a Internet, conexión wifi, cursos dalgunhas noicións básicas (Internet, ofimática, deseño de páxinas web, procura de traballo a través de Internet e redes sociais, fotografía dixital, etc.), xogos na rede, vídeo, elaboración de blogs, etc.

e) Actividades culturais

- Ofertarase un abanico de actividades alternativas de carácter cultural. A maioría destas actividades terán a opción de poder participar activamente ou como espectador/a.
- Preferiblemente a organización destas actividades correrá a cargo de asociacións, aínda que para algunha específica acudirase a especialistas.
- Estas actividades realizaranse nas sedes das entidades organizadoras, en instalacións municipais, en locais de hostalaría ou en espazos específicos (auditorio, teatro, cine,...) si a actividade así o require.
- Actividades deste tipo poden ser: cine, teatro, exposicións, monólogos, talleres literarios, concertos, cultura xaponesa, etc.

f) Espazos para quedar

- Porase a disposición dos/as mozas algúns espazos que poidan ser punto de encontro e reunión.
- As actividades a desenvolver nestes puntos serán libres, coa única limitación do espazo físico das instalacións.
- Estarán dinamizadas por un/a monitor/a-informador/a, de forma que se poida orientar aos mozos e mozas sobre as diferentes alternativas de lecer existentes ou algún outro tema de interese, así como detectar casos nos que sexa necesaria unha intervención especial. Tamén poderá dinamizar o espazo propondo algunhas actividades e propiciando a implicación dos/as mozas na organización do seu tempo de lecer.
- Algunhas suxestións de actividades nestes espazos: fútbolín, ping-pong, xogos de mesa, dardos, cómics, xogos de enxeño, playstation, etc.

g) Actividades musicais

- Ademais de locais de ensaio, ofertarase actividades alternativas de carácter musical. Contemplanse estas actividades nun bloque a parte debido á gran afección á

música existente na cidade, e ao elevado número de mozos e mozas que dedican o seu tempo de lecer a este tipo de actividades.

- A organización destas actividades será levada a cabo polos/as propios/as novos coordinados/as por unha persoa que reúna os requisitos de técnica en son e dinamización xuvenil. Para algunhas das actividades (cursos, concertos, etc.) recorrerase a especialistas.
- Estas actividades realizaranse sobre todo no Espazo Creativo Xuvenil VigoSónico, salas de concertos e outros locais de hostalaría especializados e que formen parte da rede de colaboración. Tamén se realizarán actuacións concretas noutros espazos como instalacións deportivas, locais de entidades xuvenís e/ou veciñais, espazos públicos da cidade, etc.
- Os destinatarios desta actividade serán prioritariamente os mozos entre 13 e 30 anos. Algunhas das actividades concretas, como pode ser o caso dos concertos de grupos locais en espazos abertos, serán destinadas a todos os públicos.

g) Actividades formativas-informativas e de prevención directa

- Informadores/as xuvenís e persoal do Equipo de Prevención do Plan Local de Drogodependencias e outras Adiccións, así como do Plan Saúde do Concello actuarán en distintos espazos informando sobre temas como o consumo de drogas, sexualidade, habilidades sociais, etc. e detectando mozos en risco de consumo ou con outras problemáticas específicas. Ao mesmo tempo divulgaranse os recursos existentes na cidade e os programas dirixidos especificamente á poboación xuvenil.
- Estas actividades serán levadas a cabo por especialistas: persoal do Plan Local de Drogodependencias, informadores xuvenís, mediadores xuvenís, persoal especialista en determinados temas (igualdade de xénero, medio ambiente, saúde...), etc.
- Realizaranse en diferentes espazos como Centros educativos, Espazo Creativo Xuvenil VigoSónico, entidades xuvenís, Casa da Xuventude, espazos municipais, etc.
- Os destinatarios destas actividades serán prioritariamente os mozos entre 13 e 30 anos. Algunhas actuacións poderán realizarse con grupos de risco concreto, suxeitos drogodependentes, dinamizadores xuvenís do programa, traballadores/as do sector recreativo xuvenil ou da hostalaría, persoas que traballan ou están en contacto con mozos.

Por todo elo, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

1º.- “ A aprobación da solicitude dunha subvención de 329.000 € para ou desenvolvemento do **Programa de prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo** dende xaneiro de 2019 ata setembro de 2020, sendo a achega municipal de 141.000 €, que representa ou 30% do custe total do programa.

2º.- Autorizar ao Concelleiro Delegado de Educación e Xuventude, Gorka Gómez Díaz, a asinar a solicitude de subvención ante o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará ou acordo que estime máis convinte.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

14(854).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez